



Data: 28 de maio de 2012

Referencia: TRANSPORTE ESCOLAR /

Asunto:

Destinatario:

Planificación transporte escolar curso  
2012/2013

Sr./a. director/a do:

(A CORUÑA)

Xúntolle as **instrucións sobre a planificación dos servizos** de transporte escolar cara ao vindeiro **curso 2012-2013** e o impreso de solicitude de **modificación de itinerarios** (anexo I) para ese mesmo período.

Segundo establece o art. 52º da Orde do 17 de marzo de 2007 pola que se regula o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos, o prazo para formalizar a matrícula remata o 30 de xuño para o alumnado de educación infantil e primaria e o 10 de xullo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria. En base a isto, o prazo para o envío, a este servizo, das solicitudes de modificación de itinerarios será o seguinte:


**Prazo de presentación de solicitudes de modificación:**


**Educación Infantil e Primaria: ata o 15 de xullo**

**Educación Secundaria Obrigatoria: ata o 25 de xullo**

As solicitudes realizadas fóra do prazo establecido precisarán, para seren tramitadas, dunha certificación do director/a do centro especificando as causas sobrevidas que dan orixe ao trámite fóra do prazo.

A xefa de servizo

  
María Siso Vega





## PLANIFICACIÓN DO SERVIZO

Ao remate do período lectivo de cada curso é preciso realizar un proceso de planificación sobre as necesidades do servizo de transporte escolar para o curso seguinte.

Esta planificación comprenderá:

- **Determinación dos alumnos con dereito a servizo gratuíto de transporte**

### 1.- Normas de aplicación

#### a) Sobre o dereito ao uso dos servizos complementarios gratuítos.

Art. 38 da Orde de 17 de marzo de 2007, pola que se regula o procedemento para a admisión de alumnos en educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria en centros docentes sostidos con fondos públicos.

**NON TERÁN DEREITO A SERVIZOS EDUCATIVOS COMPLEMENTARIOS GRATUÍTOS OS ALUMNOS ESCOLARIZADOS NUN CENTRO DISTINTO AO QUE LLES CORRESPONDE POR AREA DE INFLUENCIA DO CENTRO.**

**A zona que lle corresponde a cada alumno ven determinada en función do seu domicilio familiar**

#### b) Sobre o dereito ao servizo de transporte escolar.

Art. 1º do Decreto 203/1986 do 12 de xuño, regula determinados aspectos do transporte escolar.

**TERÁN DEREITO AO SERVIZO DE TRANSPORTE ESCOLAR OS ALUMNOS DE NIVEIS OBRIGATORIOS E SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTÍL QUE TEÑAN OS SEUS DOMICILIOS FÓRA DO NÚCLEO URBANO NO QUE ESTEA SITUADO O CENTRO E, EN CALQUERA CASO, A UNHA DISTANCIA DO MESMO SUPERIOR AOS 2 km**

### 2.- Autorizacións excepcionais para o uso do transporte

a) **Condicións:** Os alumnos que, en base aos dous puntos anteriores, non teñan dereito ao uso do transporte escolar, poderán solicitar unha autorización excepcional para cada curso escolar.

Só poderán ser autorizados

- se hai prazas valeiras no correspondente autobús
- para uso das paradas xa existentes, sen modificación do itinerario

b) **Tramitación:** As solicitudes deberán ser tramitadas a través da Dirección dos centros educativos onde estea escolarizado o alumno solicitante.

A Dirección do centro remitirá á Xefatura Territorial, por correo ordinario e nun só envío, a copia das solicitudes acompañadas dun breve informe. Así mesmo enviarase por correo



## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Xefatura Territorial da Coruña  
Servizo de Recursos Educativos Complementarios

Edificio Administrativo de Monelos  
Praza de Luís Seoane, s/n  
15071 - A Coruña  
Tel.: 981 184 740  
Fax: 981 182 230

electrónico, o cadro resumo de todas as solicitudes de uso excepcional, especificando os datos e circunstancias de escolarización do alumno así como da ruta e parada que solicita utilizar.

O formato do correspondente cadro remitirase polo Servizo de recursos educativos complementarios aos centros, tamén por correo electrónico.

**c) Prazos.** As solicitudes de autorización de uso de carácter excepcional enviaranse a esta Xefatura Territorial:

alumnos de infantil, primaria e ESO, ata o 1 de setembro de 2012  
alumnos de bacharelato, ata o 15 de outubro de 2012

### • Necesidade de novas paradas

#### 1.- Normas de aplicación

Decreto 203/1986, de 12 de xuño, polo que se regulan determinados aspectos do transporte escolar.

Instrución da Secretaría Xeral da Consellería de Cultura, Educación e O.U., sobre xestión do servizo de transporte escolar para o curso 2012/2013.

**CON CARÁCTER XERAL, NON SE AUTORIZAN DESVIACIÓNS DE ITINERARIOS DE TRANSPORTE DE MENOS DE DOUS KM DE DISTANCIA.**

#### 2.- Solicitudes

Dentro do prazo establecido, os/as Directores/as dos centros tramitarán á Xefatura Territorial, no anexo que se acompaña, totalmente cumprimentado e coa súa valoración, as solicitudes de novas paradas.

### • Nivel de ocupación dos vehículos escolares

#### 1.- Normas de aplicación sobre o número de viaxeiros de cada vehículo.

O art. 4º apartado 12 do Real Decreto 443/2001 do 27 de abril, BOE 2/5/01, sobre condicións de seguridade no transporte escolar e de menores, establece que

*"Cada menor disporá da súa propia praza ou asento..."*

#### 2.- En consecuencia:

- Darase traslado ao Servizo de Recursos Educativos Complementarios, no prazo establecido, das propostas de necesidades do próximo curso: **creación, modificación** ou **supresión** de itinerarios e/ou paradas.
- Na aplicación informática de "transporte escolar", os centros asignarán, no momento da matrícula de cada alumno con dereito a transporte, a ruta e parada que lles corresponda segundo o seu domicilio.  
(Antes do inicio do curso, daránse instrucións de como incluír na aplicación informática aos posibles alumnos con autorización excepcional)
- As relacións de alumnos de cada ruta, así elaboradas, serán entregadas aos correspondentes acompañantes do transporte escolar, coa finalidade de que poidan controlar, dende o primeiro día do curso, os alumnos que correspondan a cada vehículo.



**XUNTA DE GALICIA**


CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Xefatura Territorial da Coruña  
Servizo de Recursos Educativos Complementarios

Edificio Administrativo de Monelos  
Praza de Luís Seoane, s/n  
15071 - A Coruña  
Tel.: 981 184 740  
Fax: 981 182 230

- Salvo cambios de domicilio, debidamente acreditado, ou incorporación de alumnos novos, estas relacións serán fixas para todo o curso.

A Coruña, 28 de maio de 2012

O xefe territorial



*Indalecio Cabana Leira*  
Indalecio Cabana Leira